



# *No silencio, o berro seco*

## **Romaxe de crentes galegos 2018**

**Mosteiro de Sobrado dos Monxes, 8 de setembro de 2018**


# A foto que fala

A mesa de redacción deséxavos un refrescante verán. Lémonos en setembro!



## O trasno Militantes? Afiliados?... Vaiteis!

Daniel López Muñoz



Velaí van as primarias das primarias do PP para escoller quen sucede a M.Rajoy. E a gran sorpresa non é o resultado, senón ese dato impresionante que un xornal como o ABC - de esquerdas de toda a vida, xaora- titulaba días antes: “só o 7,6% dos afiliados poderán votar nas primarias”. Ou, doutra maneira, menos do 8% cumprían os dous requisitos esixidos: estar ao día no pago das cotas e querer votar, é dicir, molestarse en ir apuntarse para poder votar ao candidato/a.

Galicia estaba á cabeza nese concurso de desleixo extremo: só se molestaran en inscribirse 4.222 “afiliados”

dun total – disque, que esa é outra – de 101.100, isto é, un 4,17%. E no xornal de marras botábanlle a culpa a que non se presentaba Feijoo e cousas parecidas.

Non nos entenden, non. Porque a cuestión, cando menos por aquí, é que o concepto “militante” ou “afiliado” non é un concepto acaído á nosa substancia política ancestral, nin, menos aínda, ao Partido dos Partidos de Galicia (PPG), “o partido por defecto”, o que se dá por suposto cando alguén di: “decidín meterme en política”. E, non o esquezamos, o concepto é o concepto.

No que percibimos aquí, desde o fondo dos tempos, desde o límite do espazo, é outra cousa: nada de militantes, nin de afiliados; aquí o que temos a esgalla son afillados, ou mesmo, porfillados, que é ben “indiferente”.

Un militante, digamos, é un ser rebuldeiro, unha mosca sapeira nos aqueles do rival, un hiperactivo con ideais. Un afiliado é un cidadán respectable, unha tía legal, normativa e organizada, unha persoa que ademais de traballar e educar crianzas paga a cota

da asociación contra a leucemia e a do seu partido político. Militantes e afiliados dan e reciben, teñen dereitos e obrigas, choian, pagan e esixen. Son outra cousa.

O afillado éche un sobrevivente nun mar de fraqueza e dependencia, a memoria da escola de ferrado e do *arrimar-arremeime*, do *todos-rouban-que-máis-che-nos-ten*, e do *habera-logo-que-lle-votar-a-estes*. Normalmente a cambio dun *que-a-filla-se-presente-que-xa-che-irei-dicindo*, ou por un simple, *ti-vai-obrando-que-malo-será*.

Onde se viu que un afillado pague cartos ao padriño? Será ao revés, pois vaia chiste. O afillado paga doutra maneira, pero non con cartos, cotas nin trapalladas. Un afillado paga con lealdade, con votiños, e co silencio. Con veneración, respecto e consideración. Trato feito.

Se en Galicia fixesen un censo de afillados, no canto de afiliados, cantarían outros galos. Habería que iralles buscar o voto a casa, que as cousas teñen o seu ritual. Pero habería votos a montes e moreas.

# Editorial O 25 de xullo e a “señardade esperanzada”

Falaban os pensadores da teoloxía política centroeuropea de mediados do século pasado da “memoria subversiva” que exercían as comunidades cristiás nas súas celebracións arredor da Palabra e a mesa compartida. Memorial e promesa e, como resumía magnificamente aquel título de Ernesto Cardenal, “Nostalxia do Futuro”.

Achegámonos ao 25 de xullo cunha inevitable sensación de señardade. O pasamento nos últimos anos de persoas tan achegadas a Irimia e ás súas causas como Agustín Fernández Paz,

## Recolleron do chan unha cultura e unha fala abatidas. Enchéronas de dignidade

Xabier P. Docampo e, xa non digamos, Xosé Chao Rego produce unha sensación de orfandade. Esa nostalxia deixa paso ao agradecemento por unhas vidas tan cheas de sentido, comprometidas nesa angueira -aparentemente innecesaria para quen nega a evidencia- de reconciliar Galicia consigo mesma. E despois todo se converte en desafío.

Esa xeración puxo a roupa de traballo. Recolleron do chan unha cultura labrega e unha fala abatida. Enchéronas de dignidade. Fixéronas relato, arte, literatura, pensamento. Empregaron as ferramentas que daquela tiñan: o libro impreso, a conferencia e o relatorio, o faladoiro e a docencia. Foron persoas cunha vida plena, xenerosa, con sentido.

A angueira segue viva e chama por xornaleiros e xornaleiras. As ferramentas poden ser distintas. Pero o desafío está aí: quen vén no sitio deles? Como artellar coas novas ferramentas de comunicación un proxecto de construción de país que conecte harmonicamente o futuro co pasado.

Trasladarlle á xente nova -á que quede e á que está fóra- o que eles fixeron, contaxiar o amor pola Causa... Velaí todo un reto de primeira orde para unha política cultural e educativa desde e para Galicia. Pero non só dos que gobernan. De todos e todas. Poñendo tamén a roupa de traballo, restaurando a lingua e a cultura de noso, sen soberbia, sen descanso.

Feliz e esperanzado día da matría.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Que prefires que veña ao teu país: un turista ou un refuxiado? A pregunta ten substancia e a resposta é clara. Eu prefiro os turistas. A razón non é a que moitos dirían: que traen cartos, que non quedan... A razón é ben diferente. Os turistas veñen libremente e móvense porque lles peta, mentres que os refuxiados foxen.

Achégase o verán e chegan as noticias de persoas que cruzan o Mediterráneo fuxindo da súa terra e da súa realidade para atoparen algo mellor. Países do noso contorno renegan deles coma se a historia non estivese chea de exemplos de fuxidas por mor da fame ou das guerras. Ningún país está exento deles. A todos nos gustan

os turistas, pero a nosa obriga moral é acoller tamén os que peor o pasan. Parabéns aos estados e aos gobernos que fan das súas terras lugares de acollida.

Rematou a restauración do Pórtico da Gloria do Mestre Mateo. Con esta restauración achegámonos máis ao que foi a idea inicial do seu autor. Poderemos vela coa súa policromía orixinal e ter unha idea do impresionante que debería ser esta catequese de pedra. É algo que debemos facer este verán, achegarnos ao Pórtico e gozar coa súa visión unha vez máis e decatarnos que este monumento buscaba ser acollida de peregrinos. Rumores de acollida.





1



3



2



4



## A peneira

1

López Obrador leva a esquerda por primeira vez ao poder en **MÉXICO**, e ponlle freo á restauración conservadora que percorre América Latina. Convertido en todo un símbolo, non lle vai ser doado acometer as promesas de campaña, algunhas cargadas de simbolismo, como a renuncia á residencia oficial ou a cobrar a metade ca o actual presidente; outras, de fondo calado como a loita contra a pobreza, a corrupción e a inseguridade.

2

Os **ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS** da Coruña incrementan, con respecto ao ano pasado, o número de propostas (un 44%) e de participación cidadá (un 60%). É o terceiro ano no que os veciños da cidade poden decidir a que destinar 3 millóns do orzamento municipal. Portugal converteuse no 2016 no primeiro país en empregar esta maneira de xestión para elaborar os orzamentos do estado.

3

O primeiro **CASTROMIL** cumpriu 100 anos a comezos deste mes. Unía Santiago con Pontevedra en dúas horas e un billete custaba entre cinco e dez pesetas, dependendo da categoría. A empresa foi medrando e o sector acabou por converterse en vertebrador do territorio. No ano 2002 foi absorbida por Monbus que é hoxe a principal compañía de transporte de viaxeiros de Galicia.

4

Coa chegada do verán multiplícanse as actividades destinadas a achegar a lectura aos "veraneantes". Este é o caso de **OS LIBROS AO SOL** unha campaña de fomento da lectura en galego dirixida a todos os treitos de idade que achegará libros e actividades á praia da Argazada, no paseo de Samil, e na que colaboran as editoriais Elvira, Galaxia, Ir Indo e Xerais.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A Galicia mariñeira vístese de festa cada 16 de xullo para celebrar á súa patroa: a **VIRXE DO CARME**. No noso país hai, aproximadamente, 4500 barcos operativos, máis de 80 portos e 60 lonxas de primeira venta e 70 empresas conserveiras. 120000 persoas viven, directa ou indirectamente, deste sector que ten un volume de negocio que supera os 2000 millóns de euros.

6

Os sindicatos sanitarios denuncian, outro ano máis, o **PECHE DE CAMAS** nos hospitais galegos. O Satse, sindicato da enfermaría, estima que serán máis de 900, coas áreas de Santiago, Coruña e Vigo á cabeza. Unha medida que leva ao aumento das listas de espera, a paralización de probas diagnósticas, as altas precipitadas e a un descenso na calidade asistencial ao ter que atender aos pacientes nos corredores.

7

Logo de dez anos de coidadosa restauración remataron as coidados que precisaba o **Pórtico da Gloria**, que loce coa súa recuperada agora policromía. Poderá visitarse a partir do día 27. O que non se restaurou foron as voces que acompañaron a obra durante séculos: tanto mecenas, restauradores, arcebispos coma autoridades, gabaron a obra en castelán.

8

Durante o verán son moitos os lugares nos que se recuperan oficios ou traballos tradicionais para atraer turistas ou para que participen as xentes do lugar. É o caso das **festas da malla** que se celebran por Galicia adiante. Este verán aínda podemos ir, polo menos, á de Boiro, o 4 de agosto, a de Lalín o 18, á de Meira e á de Láncara.

# Política Competencia virtuosa

Carlos Vázquez G.



O goberno de Sánchez aséntase nun moi escaso apoio parlamentario propio. O máis escaso de todos os gobernos en minoría que houbo. Ademais, gobernará un período de tempo moi curto. Por riba, neste exercicio só se poderá xestionar a cousa pública cos presupostos que fixo o PP, e no próximo, de conseguir armar un orzamen-

Na debilidade do goberno pode estar a súa mellor capacidade operativa

to, vai estar moi condicionado. De feito, o programa real da moción de censura foi simplemente a chamada “normalización da vida pública”

e a convocatoria de eleccións xerais, adornando isto con algunha medida de carácter simbólico, aínda que importante, a derogación de leis odiosas do PP ou a implementación de acordos logrados no Congreso e bloqueados sistematicamente polo *Goberno Rajoy*. É un goberno débil, pero nesa debilidade pode estar precisamente a súa mellor capacidade operativa. Porque o feito é que o *Goberno Sánchez* inicia a súa tarefa con moi escasa esixencia e presión, porque todo o mundo é moi consciente do pouco que pode facer. Goza de comprensión, incluso cando reduce

a anunciada derogación da reforma laboral a unhas discretas melloras de carácter paliativo, que o propio Sánchez disculpa coa carencia de apoios necesarios e suficientes no Congreso. Se neste ano e medio é capaz de limpar a maior parte da podre que infecta as institucións, aínda que non sexa toda, e logra establecer filtros e controis que dificulten algo a corrupción, o despilfarro e a apropiación indevida do público, para moitos pagaría a pena a viaxe. Se este goberno lle retira as medallas a Billy el Niño, aínda que de momento non o xulguen por torturas, e se sacan os restos de Franco do Valle de los Caídos, supoño que xunto cos de José Antonio Primo de Ribera, a progresía deste país sentirase mellor, pero na realidade estas políticas non son especificamente de esquerdas, nin sequera socialdemócratas.

O PSOE só, aínda co goberno, non pode desenvolver políticas realmente de esquerdas. Non pode hoxe, nin poderá no futuro. Pero tamén é verdade que nas actuais circunstancias tampouco ninguén pode facer política de esquerdas sen os socialistas. Isto implica que o PSOE, o *Goberno Sánchez* e todas as formacións de esquerda, asumindo que por si soas nada ou moi pouco poden conseguir, deberán aproveitar a situación favorable actual para consolidar unha maioría suficiente tralas próximas eleccións xerais, ganando conxuntamente poder nas municipais e autonómicas.

Nisto ten razón Íñigo Errejón: a única saída para as esquerdas é a “competencia virtuosa”



# O peto común

Teresa Souto Loira

Hai unhas semanas vin una reportaxe que me chamou moitísimo a atención, debe ser que non estou na onda. Cóntovos!

A reportaxe era sobre as aplicación para ligar e para facer "amizades" e coñecer xente... Eu pensaba que a xente se coñecía no barrio, aldea, cidade onde vives, no lugar de traballo, na universidade, nos bares, pero resulta que agora moita xente utiliza apps (programas informáticos). Pois hai xeolocalizaodres que che indican cando ti estás nun lugar, nun parque, bar, etc. que persoas están interesadas en coñecer xente. Eu quedei abraida, será que estou desactualizada, e iso que non cheguei aos 40. Claro está que sabía que existían, pero non que as utilizasen tantas persoas e que fose unha moda de masas. Pois hai aplicacións para coñecer xente que saca a pasear os cans, xente á que lle gustan as motos; para coñecer xente á túa medida existen uns filtros nos que ti indicas as túas preferencias. E un dato, que no programa dicían que o 17% das persoas que casaran o ano pasado, coñecéronse a través desas apps. Isto saía que era utilizado por persoas de todas as idades. Supostamente, pos tres fotos túas e xa está. Falaban fotografías que facían reportaxes fotográficas para colgar os teus encantos nestas aplicacións. Eu debín de quedar noutra época, e supoño que moita xente quedou comigo, iso agardo! Respecto todas as opcións, por suposto, pero a min gústame falar coa xente, saudar pola rúa, tomar o café coas miñas compañeiras, rir cos meus amigos e coñecelos nas situación da vida diaria, do día a día; non me gusta ir cun aparato que teña un xeolocalizador indicando que o que está sentado na mesa do lado quere coñecer xente, que a el gústalle facer submarinismo e que a súa serie favorita é Modern Family, e resulta que nin saúda, nin sorrí, nin dá as grazas se lle cedes o paso...



## O CARRABOXO por ROBE LOIS







*Como xa levamos anunciando dende hai tempo, celebraremos a XLI Romaxe de crentes galegos ao pé do mosteiro de Sobrado dos Monxes. Unha Romaxe implica a moita xente da zona. Neste caso contamos entre outras persoas co apoio de David Álvarez, sacerdote no medio do pobo, párroco do lugar, que anima esta zona do interior galego.*

**Cóntanos logo, David, en primeiro lugar, algúns trazos da túa biografía, que camiños andaches antes de chegar a Sobrado.**

Dende neno quixen seguir o camiño do sacerdocio, vin sempre nel o xeito de atopar o meu lugar no mundo e de ser feliz nesta vida. Fixen os meus estudos teolóxicos na universidade de Comillas, en Madrid, onde tamén traballaba de camareiro e un tempo despois como profesor. Daquela laboralmente íame cada paso mellor e cada ano vía que me vencellaba máis ao instituto. Estaba asentado, tiña demasiados cartos para a miña

mana me marcaron profundísimamente.

**Agora estás aquí, como responsable da Unidade Pastoral Sobrado dos Monxes. Cóntanos un pouco as características destes lugares e tamén como é a súa xente, os gozos e as angueiras que a caracterizan.**

Agora estou nunha terra na que a pesar das moitas dificultades penso que se pode ser feliz ao estilo de Xesús. Hai un par de anos pedíronme que fora pregoeiro dunha das festas máis sonadas desta zona, a feira da troita, e alí dixen que estabamos

## A pobreza económica e a riqueza humana marcáronme profundamente

idade, un futuro prometedor... pero non estaba en paz comigo mesmo; cada día tiña máis claro que eu nacera para outra cousa. Entrei no seminario co desexo manifesto de que a Igrexa discernira se eu era chamado ao sacerdocio ou non; respondera o que respondera sabía que eu quedaría en paz. Fun ordenado hai agora catro anos tras exercer o diaconado nas aforas de Lima (Perú), onde a pobreza económica e a riqueza hu-

nunha terra na que os porcos acababan no bandullo dunha troita (en referencia ao xeito de cocinar ás troitas). Se isto tan inversosímil é unha realidade, que non poderemos facer se nos poñemos a imaxinar? A xente ama profundamente a súa terra, ama o seu pasado, os costumes, pero non podemos estar sempre mirando o retrovisor, debemos erguer a vista e mirar cara adiante



**Na realidade pastoral que estades levando adiante que aspectos destacarías como máis positivos, máis xeitosos e cales son os retos de futuro...**

Penso que estamos damos pasos moi positivos que teñen como eixos principais a comunión, a corresponsabilidade e a paciencia. Formamos unha “mancomunidade” composta por dez parroquias (no seu concepto tradicional) na que se tenta manter intacta a identidade de cada unha ao mesmo que tempo que tentamos parir algo totalmente novo. Temos a gran fortuna de contar co mosteiro, non só materialmente falando senón tamén no aspecto humano e espiritual. Gústame facer a comparación cunha gran casa e unha gran familia onde as parroquias son as habitacións e o mosteiro a sala de estar onde os familiares nos atopamos, compartimos e facemos cousas xuntos.

**Ademais, de responsable desta Unidade Pastoral, sabemos que es tamén o delegado diocesano de misións. Cales son os “acentos” que estás intentando darlle a esta delegación.**

Cando pensamos nas misións vén á nosa cabeza unha dobre idea, por

unha parte o rostro dos misioneiros e do seu traballo ante o cal nos sacamos o sombreiro, por outra banda a colaboración económica que podemos prestar, o famoso peto de porcelana máis coñecido como “chinitos” e que moitos lembrarán. Sen obviar ningunha destas dúas realidades estamos traballando cara unha maior sensibilización coa *Misión ad gentes*. É moi frecuente escoitar que agora a terra de misión é esta, a nosa, e isto non é así. Aquí precisamos empaparnos do Evanxeo, coñecelo e vivilo, diso non teño ningunha dúbida pero a Misión é outra cousa ben distinta.

A xente ama profundamente a súa terra e o seu pasado, pero non podemos estar sempre mirando ao retrovisor

Se chamamos misión ao labor que a Igrexa debe realizar aquí desprazamos a non se sabe onde á Misión ad gentes e iso sería o máis inxusto que podemos facer con respecto a tantos e tantas misioneiros espallados polo mundo e que dan as súas vidas polos pobres e polo Reino.

**Coido tamén que ti es impulsor dun proxecto solidario do Perú...cóntanos algo diso....**

Estando no seminario comezou a funcionar nos veráns un campo de traballo en Lima e tiveron o gran privilexio de ser, xunto con outro compañeiro, o primeiro en participar. Entre as moitas necesidades que alí vimos tocounos moito o corazón a situación dos nenos máis pequenos. Fillos de adolescentes sen recursos nacen nunha espiral chea de enfermidades e pobreza (con todo o que leva: violencia, drogas, analfabetismo, etc.) da que non é doado saír. Quixemos





e o compromiso de escolarizar os nenos unha vez teñan que comezar a escola. O proxecto hoxe en día é responsabilidade do seminario maior de Santiago e colabora con el Cáritas diocesana.

**Houbo un tempo que o párroco era unha figura imprescindible e fundamental, para ben ou para mal, nas parroquias rurais de Galicia. Cun rural medio esfarelado, tan envellecido, no que pode haber novos poboadores e novas iniciativas, e mirando cara ao futuro, cal debe ser a actitude e a achega do párroco?**

Creo que estamos nun tempo no que no rural convive unha dobre mentalidade na visión do cura. Están as persoas maiores, que ven no párroco unha figura con poder; e están os non tan maiores que ven nel un misador. Ambas son falsas hoxe en día. Nun contexto como o da nosa Galicia penso que o cura debe ser ante todo unha persoa próxima, sinxela e que actúe como mediador entre uns e outros. Son moitos os pequenos rancos herdados polos nosos veciños e que en moitos casos rompen as relacións de por vida, debemos ser

sandadores nese senso; teríamos que falar menos de plans pastorais e máis dunha pastoral do cariño.

**Como organizar o futuro pastoral nas aldeas galegas?**

Coido que a pregunta me vai moi grande e non sabería responder con rigor a ela pero hai anos o amigo Chao deu certas claves neste sentido e soubo ver unha realidade que hoxe estamos a vivir no rural. Persoalmente

**Debemos apostar polos pequenos grupos; en alimentar as súas vidas e en que compartan tempo e ilusións**

te e para os meus adentros penso que as parroquias no rural, como tal, xa non existen. Temos igrexas, demarcacións territoriais, algunhas persoas e pouco máis pero parroquia no senso etimolóxico como peri-oikía, como persoas arredor da casa... diso pouco queda. Se nos deixamos levar pola mentalidade da maioría dos veciños acabaremos por converternos en furanchos de atención pseudorelixiosa por iso creo que debemos apostar polos pequenos grupos; sempre hai

dúas ou tres persoas en cada parroquia que teñen unha fe verdadeira, non os deixemos que se perdan. Se hoxe temos que atender varias parroquias xuntemos a esa xente, esforcémonos en alimentar as súas vidas e en que compartan tempo e ilusións, esa é a verdadeira parroquia da que hoxe podemos falar.

**Por último, dende a túa rica experiencia vital e pastoral, que mensaxe**

**lle queres deixar ás persoas que van atopar esta entrevista na revista Irimia...**

Eu non diría que é tan rica pero si me gustaría lembrar a quen lea isto que se un pai ou unha nai quere o mellor para os seus fillos, que non quererá Deus para nós? Non fagamos tanto caso aos xornais e ao que vemos en internet. Ser feliz non é tan complicado se deixamos tanto papel a un lado e temos presente que somos terra alentada polo Creador.

# Actualidade O NON-ACORDO DE MÍNIMOS

Miguel Fernández Blanco  
(Foro Galego de Inmigración)



O acordo dos países da Unión Europea sobre temas de inmigración acadado a finais do mes de xuño foi presentado comunmente, e como en tantas outras ocasións na UE, como un acordo de mínimos. En realidade foi un non-acordo, porque os países da UE optaron por facer cada un o que considere oportuno, cuestión que xa viñan facendo. En todo caso, se fora acordo de algo, parece que tamén, como tantas outras veces, parece destinado a non cumprirse. En todo caso non supón novidade ningunha: o reforzamento de fronteiras é un clásico, xunto coa súa externalización; o aumento de recursos para os países da UE máis afectados sabemos que non cambia as políticas; a milonga da axuda aos países de procedencia dos migrantes xa ninguén pode crer nela porque todas coñecemos xa os obxectivos neocoloniais diso que se chama axudas á cooperación internacional. O máis chamativo probablemente do acordo son eses campos pechados voluntarios para “catalogar” a poboación que chega, pero aquí sabemos ben o que son os CIE, e mesmo isto parecen, CIE só para persoas refuxiadas (primeira clase), o que abre a incógnita do que pretende

facer cos simples migrantes económicos (segunda clase). Por outra banda, parece que Italia consegue impoñer unha perigosa liña de sometemento das ONG aos barcos militares ou de salvamento marítimo, mesmo de países tan discutibles como países, como é o caso de Libia.

Avanzando un pouco na análise, dúas cuestións das que non se fala tanto e

## Os países da UE optaron por facer cada un o que considere oportuno

son importantes: a **negativa**, o feito de que volva a presentarse con grandes palabras a acollida duns centos de miles ou duns poucos millóns de persoas como o grande problema da UE (27 países e máis de 500 millóns de habitantes, bastante ou moi ricos) e o vencellamento deste tema coas ideas e políticas claramente xenófobas dalgúns países europeos. A **positiva** é que o non-acordo deixa a cuestión, en realidade sempre estivo

aí, nas mans dos gobernos da UE. Iso supón que o novo goberno español, máis aló dos xestos, pode e debe facer moito neste tema: o restablecemento da atención sanitaria para residentes en situación de irregularidade administrativa é un cambio substancial; a posibilidade que por un mecanismo similar poida reformarse a Lei de Estranxeiría (que é a que de verdade regula o que sucede nas fronteiras e dentro delas no Estado español) de forma rápida e selectiva, establecendo mecanismos de entrada razoables para as persoas que queren vir aquí; ou a aplicación dos recursos precisos para que se resolvan con celeridade e con criterios acolledores as decenas de miles de solicitudes de asilo que vén recibindo nos últimos anos o Estado español son camiños probablemente máis doados de transitar e, desde logo, moito máis eficaces.

Esquezamos axiña o famoso non-acordo, non perdamos o tempo falando dos “malos” gobernos racistas da UE, esixámoslle eses cambios ao goberno español porque mellorarán moito as oportunidades das persoas que foxen da miseria e da guerra e salvarán moitas vidas.



# In memoriam Lembranza

Paco Martín

Enchíao todo: os espazos, as distancias, os propósitos, as lembranzas, os camiños, as ilusións, as esperanzas, o tempo... Falo, ben o sabedes, de Xabier Puente Docampo e non me refiro soamente á súa presenza física, que era sempre desexada e moito de agradecer, senón tamén –e, se cadra, sobre todo- desoutra presenza sentida cando algún atranco non previsto empece ese proxecto que levades argallando desde hai algún tempo: *O mellor será que chamemos a Docampo...* E chamábámolo. E sabías que aquilo ía ter amaño e que ía seguir a súa marcha porque había quen sabía dar coa solución correcta, como era quen de dar sempre coa *chave das nocas*.

E se tiñas a fortuna de estar onde el estaba e participar do que el participaba, sabías que o tiñas todo: a súa conversa intelixente, a sempre certa e ben argumentada opinión coa que apoiaba as súas propostas, o humor enxeñoso e sabia comprensión cos que encamiñaba avinzas e contrastes... Horas, se cadra, de ir sabendo de intencións e proxectos sempre factibles para el por moito que a ti che parecen dificilmente alcanzables. A enorme capacidade creativa da que sempre deu mostra e constancia infatigable coa que abordaba todo aquilo que pretendía, sempre para ben, facía que non lle fallasen nunca apoios, en especial os daqueles que máis sabían

do seu talento: María Xesús e Daniel, na casa, Xosé Cobas, con quen tan cumpridamente se complementaba, e as súas moitas amigas e os seus moitos amigos, sabedores sempre do promisorio da viaxe na que nos íamos embarcar.


A honestidade insubornable do seu labor como mestre, na vangarda dos movementos de renovación pedagóxica e participando activamente no esperanzador esforzo de *Preescolar na casa*, na fundación e posterior desenvolvemento de Nova Escola Galega, en todas cantas campañas para a promoción da lectura e en beneficio do ensino público houbo (e moitas veces tamén nas que algúns dirían que non houbo), e a radio, o teatro, o cine, a prensa, os centos de conferencias por todo o país e por tantos países, os milleiros de encontros coas rapazas e rapaces dos nosos centros de ensino, os congresos... A valente aventura de *Bloc –Revista internacional de Arte y Literatura Infantil-*, a creación, viva e perdurable, de *Pro-lingua*... E a escrita. Se cadra, sobre todo a literatura. Sabendo facer con pé seguro o camiño que Franz Kafka indicou cando escribiu que a *literatura é unha expedición á verdade* para así chegar ao cume dese cordal polo que soubeches ascender como moi poucas persoas saben facelo. Escribindo porque, e son palabras túas, a escritura non é senón unha lectura

que o escritor fai de si mesmo, xa que escritura e lectura son as viaxes que facemos ao lugar onde habita a verdade.

E sempre desde o amor. Amor aos teus, co teu País e, sobre todo, á túa fala natural porque –e volvo citar palabras túas- *“Do noso idioma, tiramos a esencia de nós: somos galegos porque falamos galego ou falamos galego porque somos galegos, que tanto ten. Pero se iso desaparece, tamén desaparecemos nós, xa nunca máis seremos o que fomos. Somos pacíficos e como tales queremos defender esta nosa lingua, non queremos ofender a ninguén, pero tampouco non queremos ser uns individuos inofensivos, incapaces de defender o que é noso, o que nos queren arrebatara e para o que pretenden reservar un trato racista: din que non nos eliminarán, só evitarán calquera contacto con nós e co noso idioma. O tempo é de loita, pacífica e incruenta loita, pero firme pelexa polo que é noso.”*

Contabas que cando aínda eras un neno, na Chaira luguesa estiveras a piques de afogar nas augas do río Lea. Manuel María e mais eu –e supoño que moitas máis persoas- levábamosche a contra insistindo en que, coñecida a túa axilidade mental e física e dada a escasa entidade do citado curso de auga, era de todo imposible que tal suceso se producise. Pasou o

Docampo todo: os espazos, as distancias, os propósitos, as lembranzas, os camiños, as ilusións, as esperanzas, o tempo



tempo e unha tarde de verán en Outeiro de Rei, mentres ti observabas o decorrer da auga do Miño, díxenlle eu a Manuel: *Creo que Xabier conta verdade cando fala do seu case afogamento no Lea. Ti e mais eu sabemos agora que posúe ese don dos escollidos que permite que poidan aparecer outras terras e outras augas e que se encarnen os soños todos...*

E Manuel María dixo que si.

## Amador de mundos que aínda están a nacer, falador irredento, mestre, amigo, escritor, irmao

Hai anos, non sei cantos, fixera eu un escrito que alguén, tampouco sei quen, me pedira. Gardeino e quero rematar con el:

“Muiñeiro infantil de vellas fábulas, náufrago na lenda de auga do río Lea, pescador de tempos novos nas táboas de todos os escenarios, escultor de imaxes presentidas no cicel da palabra, soñador de soños espallados en almas que agroman, gaceteiro buscador da boa noticia que compartir, bebedor empedernido nas fontes dos longos saberes, navegante de inmensidades impresas na verdade, vencedor nas porfías do desalento, amador de mundos que aínda están a nacer, falador irredento, mestre, amigo, escritor, irmao.

Estou a falar, ben o sabedes, de Xabier Ponte Docampo”



# O noso taboleiro 13 de xullo, gala solidaria



O día 13 deste mes, ás 21.00 h, no Teatro Principal de Santiago de Compostela, vaise celebrar unha gala solidaria, organizada pola ONGD Égueire, co fin de recadar fondos para a posta en marcha de diversos proxectos en Costa de Marfil. O prezo será de 8 euros e a actuación correrá a cargo da coral marfileña Saint Luc Banabakintu.

A ONGD Égueire, que ten a sede social en Mazaricos, está presidida por Désiré Kouakou Tanoh, que neste momento é párroco de Cee e de varias parroquias da contorna. A asociación desenvolve en Costa de Marfil proxectos educativos, sani-

tarios e de promoción económica a través do soporte con microcréditos de cooperativas de mulleres.

O último proxecto, inaugurado a primeiros do decembro pasado, foi a construción dunha maternidade na poboación de Nandibou 2; neste momento estase poñendo en marcha a construción dunha granxa-escola para a formación agrícola e gandeira da zona de Grand-Lahou. O proxecto estará encravado na poboación de N'Zida, que cedeu 10 has de terreo para sacalo adiante. A finalidade da gala, e dos varios concertos que andamos a organizar, é recadar fondos para esta iniciativa.

Toda a información en  
[www.egueire.org](http://www.egueire.org)

**No silencio, o berro seco**  
**Romaxe de crentes galegos 2018**  
Mosteiro de Sobrado dos Monxes, 8 de setembro de 2018

**Deputación  
DA CORUÑA**

**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



# Boa Nova



**O** Evanxelización masiva  
**E** en camiño, nin pan, nin  
**C** cartos, o posto e futuro  
**O** aberto...

*Christina*



**DOMINGO 15 de xullo. XV do Tempo Ordinario**

**A PALABRA Mc 6, 7-13**

Naquel tempo chamou Xesús os Doce, e empezou a mandalos de dous en dous, dándolles poder sobre os espíritos malos. Recomendoulles que non levasen nada para o camiño, fóra dun caxato: nin pan, nin alforxas, nin cartos na faixa. Que calzasen sandalias, mais que non levasen máis ca unha túnica. E avisounos: «Cando entredes nunha casa, permanecede nela até que vos marchedes. Se nalgún lugar non vos acolleren nin vos escoitaren, ídevos, sacudindo o po dos vosos pés, para que lles sirva de aviso.» Marcharon, e predicaron a conversión. Botaban fóra moitos demoños, e curaban os enfermos, unxíndoos con aceite.

**A PALABRA**

Recóllese en Marcos o envío dos discípulos, dos apóstolos (é a única vez que se emprega esta palabra neste evanxeo) entre dúas pasaxes onde se mostra o rexeitamento que xenera a Boa Nova: a do propio Xesús, entre os seus familiares e veciños de Nazaré, e no posterior relato da morte de Xoán Bautista. Parécenos contar que isto da proclamación da Boa Nova non vai ser doado, ou máis ben non lles era doado, xa que nos remite á época en que se redacta o Evanxeo e á experiencia que xa están a vivir as primeiras comunidades cristiás.

Ao longo da historia moitos tomaron este relato como un manual para a acción misioneira que habería que reproducir literalmente. Mais cunha sociedade que mudou tanto, que non se parece á realidade do s. I d.C., cómpre fixarse na centralidade da mensaxe, e non no anecdótico, como podería ser sacudirse os pés.

Xesús exponlle os/as discípulas cal debe ser o seu estilo de vida, a súa actitude, como se deberían comportar na súa predicación. Ben sabemos o éxito que tiveron esta acción misioneira por parellas. Mais o que pretende transmitir é que a proclamación do Reino é unha acción comunitaria, non individual.

Xesús insístelles en que confíen na hospitalidade, o que significa unha aposta pola austeridade, non coma fin en si mesmo, senón porque axuda a concentrarse na tarefa (e non buscar primeiro a propia seguridade material). Acollerse á hospitalidade rachaba coas leis de exclusión da relixión oficial. Comer o que lles ofrecían ía contra calquera pureza ritual. Dedicarse a curar, sandar e expulsar demos, non facían máis que concretar a acollida de todas as persoas excluídas.

É dicir, parafraseando a Gandhi, non hai predicación do Reino, o Reino xa está na propia predicación.

*J.A. Martínez*

**A CLAVE**

# Falando da lingua I mos de vacacións!!!

Lidia e Valentina



Tras de maio vén san Xoán e con el o verán... Arre demo! Saíunos un pareado, aproveitando a fraseoloxía popular, sen levar traballo ningún! E logo, habedes de ir veranear? Vaiades ou non, non esquezades a nosa lingua, levádea con vós alá a onde vaiaades, que vos ha facer moita compañía, havos identificar como galegos e havos facer encher o peito. Que bonito cando nos din aquilo de “Arrea, que acento gallego tenéis!” E a moita honra! E logo que acento iamos ter? De Camerún? (con moito respecto para os cameruneses e as camerunesas).

na cantina dun cámping á beira dunha praia, cando oímos aquilo de “Ya encontrastes el sal?” Tamén eran de aquí, ho, coma nós, sen lugar a dúbidas. Querían amalgamarse no medio de tanta musicalidade estranxeira, pero, como se di vulgarmente, perdéronse pola boca... Xa non falemos dese pretérito perfecto de indicativo, que leva a rastro o –s do galego e que etiqueta sen piedade, senón do xénero de “sal”. En galego temos o sal, o labor, o mel, o sangue, o leite, o diadema, o masacre, o sinal..., masculinas; e temos a calor, a orixe, a análise, a

Ai, si, ténenos dado o caso... “Si, es que con esas abiertas y esas cerradas...” Pois a moita honra! Parece que medramos unha cuarta cando nos din así... Porque despois está o caso destoutro día

árbore, a ponte, a arte, a orde, a pai-saxe..., femininas todas elas sempre e en todos os casos, sen excepción! Si, existen unha serie de palabras que teñen distinto xénero ca en castelán e queremos que prestedes especial atención a dúas delas, que percibimos que se empregan mal en múltiples ocasións: no verán vai moit**A calor**, e non esquezades que darlle prestixio á nosa lingua é **O vosO labor!!!** Véñenos á cabeza aqueles anuncios publicitarios que meteran medo; non os imos nin escribir para non revolver a confusión que causaran, referímonos ao **dO** leite e mais ao de doar **O** sangue... Vaia o esquecemento con eles...

E o caso é que chegamos ao final da tempada! Aínda parece que foi onte cando empezou o curso e no Corte Inglés xa están a falar de que encarguemos os libros para o próximo... Isto vai polo aire! Se por ben é, continuaremos a falar da lingua en setembro! Gozade do sol, da sombra, do mar, da montaña, cada quen do que lle preste! Feliz verán!

## O Fachineiro de Ramón Chao

### Coincidencia hídrica

Ramón Chao Rego morreu o 20 de maio pero foi hai dez días cando os seus familiares e amigos o despediron no funeral que el quixo. Foi o seu desexo volver a Vilalba e as súas cinzas, vertidas sobre unha bandeira galega, deixáronse levar despois polas augas do río Magdalena. Este foi un último paralelismo co seu irmán Pepe, co que xogaba e durmía abrazado de pequeno. Pepe quixo volver ao Pedregal de Irimia, e a auga que deita da rocha vaise facendo grande ata se atopar coas do río Ladra, que é onde desemboca o Magdalena. Os dous irmáns vanse xuntar un pouco máis



arriba do Regato do Cepelo, o preferido de Manuel María. Toda esta coincidencia hídrica non é nada rara no país dos mil ríos, unha afirmación cunqueriana da que tamén Pepe se ocupou. Os dous pousaron a súa atención en Prisciliano: Pepe co ensaio *Prisciliano, profeta contra o poder* e Ramón coa novela *O camiño de Prisciliano*, unha ruta que que el mesmo se animou a percorrer. Ramón foi un excelente escritor e xornalista que exerceu de embaixador da cultura galega en París e un gran coñecedor da literatura de América Latina. Vai camiño da Guarda mareira. Boa viaxe.

A.Q.